

III CARREIRA SOLIDARIA DA PISCINA MUNICIPAL DE MUROS

MUROS, 16/08/2014

REGULAMENTO

Artigo 1. A Concellería de Cultura, Deporte, Educación e Xuventude e a Piscina Municipal de Muros, en colaboración coa Federación Galega de Atletismo, organiza o vindeiro 16 de agosto a III Carreira Solidaria Piscina Municipal de Muros. O control da carreira estará a cargo da Federación Galega de Atletismo.

Artigo 2. A III edición da carreira popular e solidaria da Piscina Municipal de Muros está integrada dentro das 18 carreiras do II Circuito de Carreiras Populares da Deputación Provincial da Coruña que se desenvolverán ao longo do 2014.

Artigo 3. A saída da proba terá lugar nas inmediacións da Piscina Municipal de Muros (Serres).

Artigo 4. A proba realizarase sobre a distancia de 5500 metros aproximadamente (nas categorías xuvenil, sénior e veteranos) cun perfil semiondulado e con asfalto na súa totalidade.

O percorrido estará sinalizado e terá marcado todos os puntos quilométricos. A carreira terá lugar unicamente pola calzada do tráfico rodado, sen utilizar ningunha zona peatonal.

Artigo 5.

Saída: Piscina Municipal de Muros (Serres)

Percorrido: rotonda Parque Empresarial - Parque Empresarial - rotonda Ventín - Alivía - Miraflores - estrada de Miraflores - Rosalía de Castro - Lonxa Vella - Porta da Vila - avenida Castela - avenida Porteliña - Virxe do Camiño - rotonda de Serres - estrada de Serres - rotonda Parque Empresarial.

Chegada: Piscina Municipal de Muros (Serres)

Artigo 6. Categorias (homes e mulleres).

Categoría	Ano de nacemento
Chupete	2010 e anteriores
Prebenxamín	2007, 2008 e 2009
Benxamín	2005 e 2006
Alevín	2003 e 2004
Infantil	2001 e 2002
Cadete	1999 e 2000
Xuvenil	1997 e 1998
Sénior	1996 e ata veteranos
Veteranos 1	De 35 a 40 anos cumpridos no día da proba
Veteranos 2	De 41 a 49 anos cumpridos no día da proba
Veteranos 3	De 50 a 59 anos cumpridos ata o día da proba
Veteranos 4	A partir de 60 anos de idade
Andaina	

Artigo 8. A saída da carreira terá lugar ás 11.00 h na Piscina Municipal de Muros (Serres) e o percorrido pasará polos vieiros da vila de Muros.

Artigo 9. Esta proba formará parte do II Circuito Provincial de Carreiras Populares da Deputación da Coruña.

Artigo 10. Programa da xornada atlética no lugar da Piscina Municipal de Muros.

09:00 h Entrega dos dorsais das categorías: infantil, cadete, xuvenil, sénior, veterano e andaina.

10:30 h Saída das categorías: infantil e cadete.

11:00 h Saída das categorías: xuvenil, sénior, veteranos e andaina.

11:30 h Entrega dos dorsais das categorías: prebenxamín, benxamín, alevín e chupete.

11:45 h Saída dos prebenxamíns.

12:00 h Saída dos benxamíns.

12:15 h Saída dos alevíns.

12:30 h Saída dos chupetes.

12:35 h Exhibición baile infantil.

13:00 h Entrega dos premios.

Artigo 11. O prazo de inscrición rematará ás 14.00 h do 14 de agosto e poderá formalizarse na plataforma da Federación Galega de Atletismo, www.carreirasgalegas.com.

Artigo 12. A cota de participación será de 5,00 € para as categorías sénior, veteranos e andaina. Parte da recadación será doada a favor de Cáritas de Muros. A inscrición na andaina realizarase na Piscina Municipal de Muros. A participación no resto das categorías (chupete, prebenxamín, benxamín, alevín, infantil, cadete e xuvenil) terá un custo de 1,00 €.

Artigo 13. Os dorsais das categorías serán entregados pola organización ata 30 minutos antes da saída da carreira na Piscina Municipal de Muros (Soborribas, 15259 Serres - Muros).

Artigo 14. Todas as persoas corredoras levarán o dorsal para poder entrar nas clasificacións. A participación sen dorsal, co dorsal ou chip doutro/a corredor/a ou cun dorsal que non sexa oficial da proba está totalmente prohibido e suporá a exclusión inmediata da clasificación da proba.

Artigo 15. O control da carreira estará dirixido pola da Federación Galega de Atletismo e polo Concello de Muros.

Artigo 16. O cronometraxe realizarase mediante o sistema de chips. Haberá varios puntos de control de chips ao longo de todo o percorrido. As persoas participantes que non cumpran co paso por todos os puntos poderán ser descalificadas non aparecendo nos resultados finais.

Artigo 17. Establecerase un punto na liña de meta para favorecer a hidratación das persoas participantes.

Artigo 18. As persoas participantes terán que competir cos seus propios medios físicos naturais, sen axudas de material de ningún tipo.

Artigo 19. Premios.

- Xeral, por categorías e sexos:

- 1º clasificado/a
- 2º clasificado/a
- 3º clasificado/a

- Premios especiais:

- 1º clasificado do Concello de Muros
- 1º clasificada do Concello de Muros
- Participante de maior idade

A entrega de premios realizarase na Piscina Municipal de Muros ás 13.30 h.

Artigo 20. A organización terá á disposición dos/as atletas un servizo de fisioterapia, ademais de persoal sanitario e ambulancia.

Artigo 21. Serán descalificadas as persoas corredoras que non respecten as indicacións da Policía Local, Protección Civil, xurado, servizos médicos ou membros da organización.

Artigo 22. Todas as persoas corredoras polo feito de realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou Internet. Mediante a súa inscrición, a persoa corredora consente expresamente que os seus datos sexan utilizados pola organización para comunicacións sobre as súas actividades.

Artigo 23. Haberá duchas para todas as persoas participantes na Piscina Municipal (Soborribas, s/n 15259 Serres).

Artigo 24. Todas as persoas corredoras que se inscriban nesta proba dan por aceptado e deben de cumprir todos os aspectos reflectidos neste regulamento.

Artigo 25. As reclamacións aos resultados oficiais, os cales estarán expostos na zona de meta, deberán formularse verbalmente ao xuíz árbitro da competición non máis tarde de 30 minutos despois da súa publicación.

Artigo 26. Todo o non previsto neste regulamento, resolverase de acordo co regulamento da FGA, RFEA e IAAF que nese momento estea en vigor.

Artigo 27. Para máis información poderá dirixirse á Piscina Municipal de Muros no teléfono 981 826 966 e nas webs www.atletismogalego.org e www.fgatletismo.es/santiago.

ANEXO I: CARREIRAS DE MENORES

1. Realizaranse carreiras de menores coas seguintes categorías, distancias e horarios de saída:

Categoría	Ano de nacemento	Distancia	Hora de saída
Chupete	2010 e anteriores	50 m aprox.	12.30 h
Prebenxamín	2007, 2008 e 2009	250 m aprox.	11.45 h
Benxamín	2005 e 2006	650 m aprox.	12.00 h
Alevín	2003 e 2004	1300 m aprox.	12.15 h
Infantil e cadete	Entre 1999 e 2002	2500 m aprox.	10.30 h
Xuvenil	1997 e 1998	5500 m aprox.	11.00 h

2. A inscrición da proba terá un custo de 1,00 € e realizarase a través da web www.carreirasgalegas.com antes das 14.00 h do 14 de agosto de 2014.

3. A saída e a meta estará situada na Piscina Municipal de Muros.

4. As persoas participantes deberán situarse nesta zona 5 minutos antes da proba.

5. Haberá premios para os/as 3 primeiros/as clasificados/as de cada categoría e sexo a partir da categoría prebenxamín.

6. Medallas a todas as persoas participantes das categorías chupete, prebenxamín, benxamín e alevín.

7. Trofeos aos/ás gañadores/as da categoría chupete, prebenxamín, benxamín e alevín.

8. Agasallo conmemorativo do evento ata fin de existencias.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día e ranking popular de probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow13- 15008 A Coruña.

ANEXO II: MAPA E CIRCUÍTO

